

## ACTA DE REUNIÓN da XUNTA DIRECTIVA DA FEDERACIÓN

### LUGAR, DATA E HORA DA CONVOCATORIA:

<b>Data:</b>	<b>13/03/2023</b>	<b>Hora:</b>	<b>21:00</b>
<b>Lugar:</b>	<b><a href="https://meet.google.com/nju-bjuf-hny">https://meet.google.com/nju-bjuf-hny</a></b>		

### PERSOAS ASISTENTES

Nome e apelidos	Cargo	Club	Asiste	Non asiste
Sonia Gómez Naya	Presidenta	Compás	X	
Claudia Oreiro Chapela	Vicepresidenta	Gallaecia	X	
Roberto Amarelle Garabán	Secretario	Compás	X	
Javier Antoñón Clemente	Tesoureiro	Arnela	X (22.00 h)	
Pablo A. Aller Estévez	Responsable O-pé	Trevinca	X	
José Cabaleiro Vila	Responsable MTBO	BudiñoRaid		X
Manuel Pedre Vázquez	Responsable Raids	Gallaecia	X (21.27 h)	
José A. Ricoy Bugarín	Responsable Trail-O	Aromon		X
Jorge Piñeiro Portela	Responsable Direc. Técnica	Ártabros	X	
María Piñeiro Varela	Responsable de Comunic.	Ártabros	X	
Candela Puime López	Responsable Deporte Escol.	VigOrienta	X (22.26 h)	

Invitado: Francisco Varela (Compás)

### ORDE DO DÍA

#### 1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior

Apróbase a acta da Xunta directiva celebrada o día 18-02-2023 de xeito unánime con 6 votos a favor.

#### 2. Aprobación de cambio de datas de probas do calendario oficial orientación 2023

Toma a palabra a presidenta para expoñer a razón dos cambios das seguintes probas oficiais:

- MTBO de Betanzos que se ía celebrar o 11/03/2023 debido á falta de autorizacións é necesario pospoñela de data, sen que a día da celebración desta Xunta exista unha data establecida por parte do Club Organizador (OPBZ).
- A primeira proba de O-pé que se ía celebrar en Vilamaior o 11 de marzo debido á falta de autorizacións, finalmente tivo que celebrarse en Paderne.
- A carreira de MTBO organizada polo club Compás o día 27-05-2023, por falta de autorizacións por parte do Concello, é preciso adiantala ao día 13-05-2023.
- O Raid de Narón, organizado polo Club Gallaecia Raid, tivo que modificarse a data de celebración ata en tres ocasións (13-05-2023, 27-05-2023, celebrándose finalmente o 10-06-2023).

Apróbanse as catro modificacións de xeito unánime con 6 votos a favor.

#### 3. Adaptación da páxina web da FEGADO á lei de protección de datos

A presidenta da FEGADO expón que segundo Lito a páxina da Federación xa cumpre a normativa da LPD.

#### 4. Busca de novo/a colaborador de cartografía

A presidenta da Federación expón que Iván Mera era o colaborador de cartografía da FEGADO. Porén debido a motivos persoais e laborais non pode continuar polo que asumirá a nova función Francisco Varela do club Compás. A presidenta da FEGADO presenta ao novo colaborador e cédelle a palabra. Francisco Varela expón que xa falou con Iván para organizarse e pregunta se hai algún tipo de presuposto por parte da Federación para a financiación da elaboración de novos mapas.

A presidenta respóndelle que non hai aínda un presuposto pechado e que podería plantexarse abrir unha nova convocatoria no mes de abril para que os clubs que o desexen poidan optar a

unha financiación para a elaboración de novos mapas de cartografía. En calquera caso, a presidenta engade que a axuda económica que se conceda sempre estará condicionada a que se faga unha proba de orientación con ese mapa novo.

Intervén Manuel Pedre para aclarar que ese evento deportivo co novo mapa podería realizarse ou ben no mesmo ano ao que se recibe a axuda económica ou ben na tempada seguinte.

Francisco Varela pregunta se a Federación Galega de Orientación pode empregar eses novos mapas financiados para poder empregar en concentracións técnicas. Manuel Pedre responde que non podería entrar en contradición coa Lei de Propiedade Intelectual.

Remata a intervención a presidenta da FEGADO para aclarar que hai que falar con Alberto Arufe Varela para aclarar esta situación.

#### **5. Subencións de dietas aos deportistas seleccionados para o Campionato Español de Orientación**

#### **6. Pagos de dietas campións de España**

Intervén a presidenta para indicar que debido á relación que gardan os puntos 5 e 6 da orde do día estes serán tratados conxuntamente. Continúa indicando que aos seleccionados galegos/as dos Campións de España (infantís, cadetes, xuvenís, seniors, élite e veteranos) se lle enviará un formulario para proceder a pagarlle a inscrición e as dietas.

Intervén Pablo Aller para solicitar que os veteranos/as non deberían entrar dentro desas axudas económicas xa que ao ter un traballo poderían asumir os custos da inscrición e das dietas. Intervén a presidenta para indicar que segundo o seu parecer se lle debe seguir pagando a todas as categorías, xa que se ben é certo que as categorías de nenos/as constitúen a canteira da Federación, é a súa familia a que ten que facerse cargo do seu desprazamento, e precisamente e esa familia a que corre en veteranos/as.

Procédese a realizar a votación para excluír aos veteranos desas axudas económicas resultando 3 votos a favor da exclusión (Pablo, Jorge e Candela) e 6 votos en contra (Pedre, Claudia, Sonia, Javier, Roberto e María). Por conseguinte, continuarán proporcionándose ditas axudas económicas á categoría dos veteráns.

Remata a intervención Jorge, indicando que máis que plantexarse sacarlle as axudas económicas aos veteráns sería máis necesario incrementar o presuposto á categoría de élite.

#### **7. Circuitos permanentes de orientación**

Intervén a presidenta para indicar que o autor da obra “Circuitos permanentes de orientación” do autor, Xan Trigo, cede os dereitos á FEGADO a partir do 2º ano da primeira edición. Intervén Jorge Piñeiro para indicar que sería preciso establecer unha regulación destes dereitos de cara ao futuro. Retoma a palabra a presidenta para indicar que xa se está a traballar niso elaborando un contrato entre as dúas partes.

#### **8. Información sobre a Liga Transfronteiriza**

Toma a palabra a presidenta para indicar que a Federación Portuguesa está acabando de redactar un regulamento consensuado entre ela e a Federación Galega que servirá para regular a Liga Transfronteiriza. En canto estexa rematado será publicado na páxina web da FEGADO. Engade que para poder entrar no ranking desta Liga Transfronteiriza será preciso facer o 70% das carreiras. Concretamente dun total de 6 probas será preciso participar en 4 delas.

#### **9. Información sobre as tecnificacións**

Toma a palabra Pablo Aller para indicar que el xunta a Jorge Piñeiro tiñan a idea de facer unha tecnificación o día 11 de marzo de 2023, ao non celebrarse a proba de Vilarmaior (Betanzos), porén decidiron adiala para os primeiros días de abril, concretamente para o Xoves e Venres Santo. O lugar no que se desenvolverá será no monte de Forgoselo, xa que se trata dun mapa moi semellante ao do campionato de España que se celebrará en Soria.

#### **10. Rogos e preguntas**

Toma a palabra Jorge Piñeiro para indicar que actualmente a FEDO non recoñece o nivel I de trazador, polo que considera que se debe exercer presión dende a FEGADO para que eses trazadores e trazadoras sexan recoñecidos/as.

Continúa Manuel Pedre indicando que os raids non están recoñecidos como unha modalidade de orientación pola IOF (Federación Internacional de Orientación). Isto supón que a nivel nacional

se debe elixir onde se integran estas probas de raid se na propia FEDO, nunha federación propia que inclúa só raids, ou se a asumen outro tipo de federacións deportivas.  
Finalmente, a presidenta lémbrale a Jorge Piñeiro e tamén a Francisco Varela que deben de comezar a constituir a mesa de traballo para establecer o calendario de probas de cara a assemblea de decembro.

E sen máis asuntos que tratar, a presidenta da FEGADO dá por finalizada esta Xunta Directiva sendo as 23:00 h do día antes indicado.

## SINATURA

Roberto Amarelle Garabán  
Secretario da FEGADO

Vº Bº Sonia Gómez Naya  
Presidenta da FEGADO

Lugar e data:

VIGO	.	14	de	marzo	de	2023
------	---	----	----	-------	----	------